

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL

- 7347** *Real decreto 300/2019, do 26 de abril, polo que se crea a especialidade de Timple nas ensinanzas profesionais de música e se establecen os aspectos básicos do currículo desta especialidade, e se modifica o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

A disposición adicional primeira do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, prevé que a relación de especialidades instrumentais ou vocais que se establecen na dita norma poderá ser ampliada con outras que, pola súa raíz tradicional ou grao de interese etnográfico e complexidade do seu repertorio, ou polo seu valor histórico na cultura musical europea e grao de implantación no ámbito territorial correspondente, así como debido ás novas demandas dunha sociedade plural, requiran o tratamento de especialidade.

Por outra parte, no número 2 da dita disposición detállase que a creación de novas especialidades será adoptada polo Goberno, ben por instancia das comunidades autónomas ou ben por iniciativa propia, oídas estas. O establecemento do currículo das posibles novas especialidades rexerese polo establecido nos artigos 6 e 6 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A citada lei orgánica dedica o capítulo VI do título I ás ensinanzas artísticas, que teñen como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, entre outros, da música. No artigo 6 bis.3 especifícase que, para as ensinanzas artísticas profesionais, o Goberno fixará os obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación do currículo básico, que requirirán o 55 por 100 dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial e o 65 por 100 para aquelas que non a teñan.

Ante a iniciativa da Administración educativa da Comunidade Autónoma de Canarias, este real decreto amplía a relación de especialidades instrumentais das ensinanzas profesionais de música coa inclusión da especialidade de Timple.

A necesidade da creación da especialidade de Timple queda patente pola presenza deste instrumento como o máis representativo da música autóctona da Comunidade Canaria, así como a proxección que alcanzou nos últimos tempos dentro do panorama musical da illa. A súa inclusión nas agrupacións musicais, tanto de corte tradicional como estilos da música actual, a presenza de solistas do instrumento e agrupacións de timple solo, así como as incursións na elaboración de diferentes métodos de ensino evidencian a necesidade dun recoñecemento normativo que inclúa este instrumento no marco do ensino regrado.

Por tanto, coa creación da especialidade de Timple acométese a xeración dun espazo de ámbito docente e de investigación que permita a conservación e difusión deste instrumento e os seus repertorios, así como consolidar novos camiños estéticos para el. Recoñécese desta maneira o timple como un elemento de identidade da música canaria e permítese a súa proxección social e profesional, tanto dentro do contorno da estética tradicional como no das novas linguaxes sonoras.

De conformidade co anteriormente exposto, este real decreto, mediante o cal se amplía a relación de especialidades instrumentais das ensinanzas profesionais de música coa inclusión do timple, establece, así mesmo, os aspectos básicos do currículo da nova especialidade.

Recorreuse a unha norma regulamentaria para establecer bases estatais conforme co Tribunal Constitucional, que admite que «excepcionalmente» as bases poidan establecerse mediante normas regulamentarias en determinados supostos, como ocorre no presente caso, cando «resulta complemento indispensable para asegurar o mínimo común denominador establecido nas normas legais básicas» (así, entre outras, nas SSTC 25/1983, 32/1983, 48/1988, 76/1983, 77/1985, 158/1986, 69/1988, 80/1988, 182/1988, 227/1988 e 86/1989, 141/1993, 132/1992 e 179/1992).

Por outra parte, procede modificar o artigo 14 do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, para adaptar o dito real decreto ás novas previsións establecidas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Así, por unha parte, o título que se obtén á finalización das ensinanzas profesionais de Música pasa a denominarse de técnico nas ditas ensinanzas e, por outra parte, os alumnos que estean en posesión do título de técnico das ensinanzas profesionais de Música poden obter o título de Bacharel se cursan e superan as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato que o alumno elixa.

Cabe mencionar que este real decreto se axusta aos principios de boa regulación contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, xa que se persegue o interese xeral ao enriquecer o sistema educativo, contribuír á protección do patrimonio cultural español e reforzar a cooperación entre as administracións educativas; ao non existir ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos, resulta coherente co ordenamento xurídico e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos. Do mesmo modo, durante o procedemento de elaboración da norma permitiuse a participación activa dos potenciais destinatarios a través do trámite de audiencia e información pública, e quedan xustificadas os obxectivos que persegue a lei.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultados o Consello Escolar do Estado, as comunidades autónomas no seo da Conferencia Sectorial de Educación e a Comisión Permanente do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, e o Ministerio de Política Territorial e Función Pública emitiu informe.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Formación Profesional, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de abril de 2019,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O presente real decreto ten por obxecto ampliar as especialidades a que se refire o artigo 4 do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa creación da especialidade de Timple nas ensinanzas profesionais de música.

2. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 5, números 1 e 2, do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, este real decreto establece os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas e os horarios escolares mínimos das ensinanzas profesionais de música da nova especialidade.

Artigo 2. *Materias que constitúen o currículo.*

1. As ensinanzas profesionais de música na especialidade de Timple organizaranse nas materias seguintes:

a) Materias comúns a todas as especialidades:

1. Instrumento ou Voz.

2. Linguaxe Musical.
3. Harmonía.

b) Materias propias da especialidade:

1. Conxunto.
2. Coro.

2. As administracións educativas poderán incorporar outras materias ao desenvolver o currículo das ensinanzas profesionais da dita especialidade.

3. As administracións educativas determinarán os cursos en que se deberán incluír as materias establecidas nos números anteriores.

Artigo 3. *Ensinanzas mínimas.*

1. Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas correspondentes á materia común de Instrumento ou Voz das ensinanzas profesionais serán os incluídos no anexo I.

2. Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas correspondentes ás restantes materias comúns e propias da especialidade de Timple nas ensinanzas profesionais de música serán os incluídos para cada unha delas no anexo I do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro.

Artigo 4. *Tempos lectivos mínimos.*

O horario escolar que corresponde en todo caso aos contidos básicos das ensinanzas mínimas, de conformidade co disposto no artigo 6 bis.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, será o establecido no anexo II deste real decreto.

Artigo 5. *Titulación.*

Os alumnos e as alumnas que superasen as ensinanzas profesionais de música na especialidade de Timple obterán o título de técnico das ensinanzas profesionais de música nesta especialidade.

Disposición adicional primeira. *Aplicación do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro.*

As ensinanzas profesionais de música da especialidade de Timple rexeranse polo establecido no presente real decreto, así como polo disposto no Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro.

Disposición adicional segunda. *Non incremento do gasto de persoal.*

Da aprobación deste real decreto non poderá derivar, en ningún caso, incremento do gasto de persoal.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

O artigo 14 do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de Música reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 14. *Titulación.*

1. Os alumnos e as alumnas que superasen as ensinanzas profesionais de música obterán o título de técnico das ensinanzas profesionais de música na especialidade correspondente.

2. Os alumnos e as alumnas que se encontren en posesión do título de técnico das ensinanzas profesionais de Música poderán obter o título de Bacharel cursando e superando as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato que o alumno elixa».

Disposición derradeira segunda. *Título competencial e carácter básico.*

Este real decreto ten carácter de norma básica e dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Educación e Formación Profesional para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións requira a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de abril de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Educación e Formación Profesional,
MARÍA ISABEL CELAÁ DIÉGUEZ

ANEXO I

Aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas correspondentes á materia común de Instrumento ou Voz das ensinanzas profesionais de música da especialidade de Timple

Introdución.

A materia de Timple oriéntase ao dominio técnico e estético progresivo do instrumento tanto no seu papel de instrumento solista como acompañante.

En relación coa técnica, o alumnado adquirirá o perfeccionamento de toda a gama de articulacións e modos de ataque; estudará, ademais, o dedillado no timple e a utilización dos efectos característicos deste instrumento, así como as habilidades de improvisación como forma de desenvolvemento do pensamento creativo, buscando o propio estilo e utilizando as audicións comparadas de diferentes intérpretes actuais e antigos para analizar, de maneira crítica, as características das súas versións persoais.

No ámbito do dominio sonoro e expresivo do instrumento, adquirirá o equilibrio dos niveis e calidades de son resultante, incidindo na proxección do son, estudará, ademais, a dicitación e a súa problemática nun instrumento de afinación recorrente, así como a polifonía e a condución das distintas voces.

En relación co repertorio, adquirírase de forma gradual o coñecemento dos diversos estilos e formas tradicionais da música canaria e outras tendencias relacionadas con ela a través das distintas escolas interpretativas nas súas diferentes épocas e estilos. Así mesmo, o alumnado estudará os instrumentos afíns ao timple e iniciárase na interpretación de música contemporánea e no coñecemento das súas grafías e efectos.

Obxectivos.

As ensinanzas correspondentes á materia de Instrumento ou Voz das ensinanzas profesionais de Timple terán como obxectivo o desenvolvemento nos alumnos das capacidades seguintes:

- a) Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do timple.
- b) Alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade do son e a súa afinación.
- c) Conseguir a autonomía necesaria na utilización dos coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo, tempo, agóxica, etc.
- d) Coñecer o repertorio para timple a través da interpretación de obras de diferentes compositores, estilos, linguaxes e técnicas de importancia musical e dificultade adecuada.
- e) Comprender as diversas convencións interpretativas vixentes tanto para os diversos estilos tradicionais como para os diferentes períodos da historia da música instrumental.
- f) Coñecer e estudar a música tradicional, a súa evolución e estilo para poder apreciála e valorala como parte do patrimonio cultural.
- g) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria musical.
- h) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista no instrumento.
- i) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos para a improvisación co instrumento como forma de desenvolvemento do pensamento creativo.

Contidos.

A postura do intérprete. A coordinación entre ambas as mans. Perfeccionamento de toda a gama de articulacións e modos de ataque. O dedillado no timple. Utilización dos efectos característicos do instrumento. A afinación do instrumento. O equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes. Proxección do son. Técnicas e hábitos de estudo. A

dixitación e a súa problemática nun instrumento de afinación recorrente. A polifonía e a condución das distintas voces. Rítmica, métrica e agóxica: as súas indicacións e adecuada realización. O repertorio para timple de diferentes épocas e estilos. Iniciación á interpretación de música contemporánea e ao coñecemento das súas grañas e efectos. Os instrumentos afíns ao timple. Práctica de transcripción e adaptación ao timple de repertorio proveniente doutros instrumentos. O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Aplicación das regras de ornamentación de acordo coas exixencias das distintas épocas e estilos no repertorio dos instrumentos de corda pulsada. A evolución da interpretación do instrumento a través dos grandes timplistas da historia. Estudo fonográfico e bibliográfico sobre a música tradicional canaria e outras tendencias relacionadas con ela. A memoria e o seu adestramento permanente e progresivo. A lectura a primeira vista con timple. A improvisación e a variación sobre melodías de corte tradicional. Harmonía tradicional no timple. Harmonía moderna no timple. Estruturas formais de coplas, refráns e solos.

Criterios de avaliación.

1) Executar con solvencia, relaxación e calidade sonora o repertorio traballado tendo en conta os aspectos técnicos e musicais da interpretación.

Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución, así como avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.

2) Demostrar a adecuada capacidade auditiva para percibir, de forma crítica e reflexiva co son propio, unha correcta afinación e interpretación de calidade.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para buscar a mellora da afinación e calidade do son instrumental mediante a escoita activa e a experimentación.

3) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo e interpretación das obras do repertorio, solucionando autonomamente dificultades xeradas dentro do propio estudo.

Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado, a autocrítica e a resolución dos problemas que se lle presenten durante o seu traballo diario.

4) Tocar en público un programa composto de obras de diferentes épocas e estilos adecuado ao seu nivel, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade artística. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

5) Aplicar correctamente os coñecementos estilísticos adquiridos á interpretación dos diferentes períodos históricos.

Con este criterio preténdese avaliar o grao de asimilación e utilización das diversas correntes estéticas, estilos musicais e prácticas específicas de intérpretes recoñecidos.

6) Elaborar e desenvolver pequenos estudos sobre a música tradicional, así como a súa evolución e reinterpretación.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade investigadora do alumnado, así como valorar a súa implicación no mantemento do patrimonio da cultura tradicional do seu ambiente máis próximo.

7) Interiorizar e conseguir interpretar de memoria obras completas do repertorio traballado. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o seu resultado sonoro.

8) Ler o timple con solvencia partituras e tablaturas de obras musicais non traballadas con anterioridade.

Este criterio avalía a competencia progresiva que adquira o alumnado na lectura a primeira vista.

9) Mostrar progreso na improvisación co instrumento nos exercicios e obras que requiran desta práctica.

Este criterio avalía como o alumnado se serve progresivamente de recursos e como os aplica de forma solvente á hora de realizar pasaxes que requiran da técnica da improvisación.

ANEXO II

Horario escolar mínimo da especialidade de Timple nas ensinanzas profesionais de música

Materia	Número de cursos	Total horas
Instrumento ou Voz.	6	180
Linguaxe Musical	2	120
Harmonía	2	120
Música de cámara / Coro / Conxunto*	6	300

* Os alumnos e alumnas deberán realizar como mínimo, durante os seis cursos que compoñen as ensinanzas profesionais de música, 300 horas no conxunto das agrupacións especificadas. As materias de Música de Cámara e de Coro cursaranse cada unha delas un mínimo de dous cursos académicos.